



III TRAIL SENDA DO PICÓN

CONCELLO DE O PINO

Domingo 5 de novembro de 2017

Regulamento

1. O **Concello de O Pino** organizará o **domingo 5 de novembro** o **III Trail da Senda do Picón**, unha proba a pé que transcorrerá por camiños forestais, pistas e monte do contorno do Concello de 16 km de percorrido (distancia aproximada) e de dificultade técnica/física media.
2. A saída da proba terá lugar ás 10:30 horas da mañá dende a Avenida da Igrexa de Arca ubicada na localidade de Arca-Pedrouzo (a 3 km do aeroporto de Santiago N-547). O percorrido e o track do Trail será publicado con antelación ao mesmo na web www.concellodeopino.com e na web www.carreirasgalegas.com.
3. O control técnico da proba corresponderá ao Comité Galego de Xuices da Federación Gallega de Atletismo.
4. A entrega de dorsais realizarase a partir das 09:15 horas do domingo 5 de novembro de 2017 na zona de saída.
5. Nesta proba popular poderán participar todos aqueles deportistas con 16 anos cumpridos en diante que acepten e cumplan as condicións regulamentarias da proba e que se inscriban no xeito e prazo precisos.
6. Categorías de participación e **PREMIOS**:

CATEGORIA	ANOS	PREMIOS
Xeral Absoluta Masculina	16 anos e >	3 primeiros clasificados da proba
Xeral Absoluta Femenina	16 anos e >	3 primeiras clasificadas da proba
Xeral Local Masculino	16 anos e >	3 primeiros clasificados
Xeral Local Femenina	16 anos e >	3 primeiras clasificadas
Senior Masculina	16 anos e >	3 primeiros clasificados
Senior Femenina	16 anos e >	3 primeiras clasificadas
Máster 1 Masculino	De 35 a 45 ANOS	3 primeiros clasificados
Máster 1 Femenina	De 35 a 45 ANOS	3 primeiras clasificadas
Máster 2 Masculino	De 46 ANOS en diante	3 primeiros clasificados
Máster 2 Femenina	De 46 ANOS en diante	3 primeiras clasificadas
CLUBES PARTICIPACIÓN		3 que máis participantes aporten

PREMIOS NON ACUMULATIVOS AGÁS OS PREMIOS AOS ATLETAS LOCAIS

Todos os menores de 16 ou 17 entrarán na categoría senior a todos os efectos e entrarán na premiación absoluta masculina ou feminina

7. INSCRICIÓN: As inscricións online poderán realizalas a través da web www.carreirasgalegas.com. Presenciamente poderán realizar as súas inscricións no **Concello de O Pino** sito na localidade de Arca-Pedrouzo. O prezo da inscrición será de **8 €** e incluírá agasallo técnico.
8. O prazo de inscrición rematará o **xoves 2 de novembro ás 14:00 horas**. **NON SE ADMITIRAN BAIXO NINGUN CONCEPTO INSCRICIONS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO NIN O DIA DA PROBA**. Calqueira dúbida ou problema relacionado co proceso de inscrición poderán dirixirse ao em@il deportes@concellodeopino.com ou ao telefono de información **981 511 002**.

9. Os atletas percibirán un dorsal que se colocará na parte anterior do corpo (zona próxima ao peito). Queda **totalmente prohibido** participar no Trail sen levar o dorsal regulamentario e sen estar inscrito na mesma.
10. A organización establecerá determinados puntos de control polo percorrido. Os atletas que se salten ditos puntos ou atallen serán descalificados a criterio da organización.
11. As inscricións para participar no Trail son persoais e intransferibles. Por iso, cada corredor deberá levar visible o dorsal asignado pola organización, quedando prohibida a cesión do mesmo a outro participante estea ou non inscrito na proba. En calquera dos dous supostos, a Organización non se fará responsable dos danos propios ou alleos que se puidieran producir e se reserva o dereito a emprender accións legais.
12. **AVITUALLAMENTOS:** A participación na proba incluírá 3 puntos de avituallamento: KM 7 aproximadamente, con líquido e sólido, KM 14, avituallamento líquido, e KM 18 (META) líquido e sólido. Recoméndase levar mochila de hidratación ou avituallamento propio.
13. Servicio de duchas e vestiarios no polideportivo municipal ubicado carón do colexio público **CPI Camiño de Santiago**.
14. O percorrido do Trail transcorrerá na súa maior parte por camiños rurais e forestais do Concello de O Pino, existindo cruces con tramos de estradas que poidan estar abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes.
15. Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar lixo en todo o percorrido a excepción dos contenedores situados nos puntos de avituallamento. Non acatar esta norma suporá a inmediata expulsión da proba.
16. A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da proba. Entendese que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do **Trail**.
17. A organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba.
18. Haberá servizo de ambulancia, persoal de voluntariado e médico colocado ó longo do percorrido. Un vehículo de organización abrirá o Trail.
19. O feito de inscribirse na proba suporá a TOTAL aceptación das bases que conforman este regulamento. A aceptación deste reglamento implica que cada participante autoriza a organización do Trail á grabación total ou parcial da súa participación, da o seu consentimento para que poida empregar a súa imaxe para a promoción ou difusión da proba en todas as súas formas (radio, prensa, video, foto, DVD, internet, carteles, medios de comunicación, etc.) e cede todos os dereitos relativos a súa explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa parte a recibir compensación económica algunha.
20. Todo o non recollido no presente regulamento rexirase pola normativa da FGA e RFEA en vigor.

TRACK DA RUTA : <https://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=20013626>

A ENTREGA DE PREMIOS REALIZARASE AO CONCLUIR O TRAIL NA ZONA DE META

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifieste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón:

Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.